



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL CON DATA 30 DE ABRIL DE 2019**

No Salón de sesión da Casa Consistorial de Ribadumia, sendo as vinte horas do día trinta de abril de dous mil dezanove, ó obxecto de celebrar a sesión extraordinaria, previamente convocada na forma regulamentaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. David J. Castro Mougán, reúnen os Sres. concelleiros: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Mar Rey Pérez; D. José Ramón González Ledesma; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> do Pilar Martínez Troncoso; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Mar Moimenta Otero; D. Juan Carlos Esperón Prado; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Salomé Peña Muñiz; D. Luis Serantes Álvarez; D<sup>a</sup> Susana Fandiño Vázquez; D. Antonio Roma Arcos; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Esperón Feijoo e D. Antonio Bermúdez Varela.

Non asiste D. Enrique J. Oubiña Lago

Actúa como Secretaria da Corporación D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Franco Mateo.

### **1º.- ACTA ANTERIOR.-**

Dáse conta á Corporación das actas das sesións correspondentes do 20 de decembro de 2018 e 31 de xaneiro de 2019.-

Pola Alcaldía-Presidencia se pregunta ós Sres. Concelleiros se teñen algunha obxección que facer ás mesmas e non realizándose observación algunha a mesma é aprobadas por unanimidade na forma en que están redactadas.

### **2º.- SORTEO PARA DESIGNACIÓN DE MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS A CONSTITUÍR PARA AS ELECCIÓNS A PARLAMENTO EUROPEO E ELECCIÓN LOCAIS A CELEBRAR O DÍA 26 DE MAIO DE 2019**

Dáse conta á Corporación que de conformidade co disposto nos artigos 27.5 e 101.2 de Lei Orgánica 5/85 de 19 de xuño do Réxime Electoral Xeral, procede realiza-lo sorteo para a formación das mesas electorais que se constituirán para a celebración das Eleccións Municipais e Europeas que terán lugar o día 26 de maio de 2019.-



ILMO. CONCELLO

de

**RIBADUMIA**

(Pontevedra)

Iníciase a realización do sorteo mediante un programa informático, có resultado do que queda constancia no expediente correspondente.

### **3º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN CRÉDITOS 1/2019**

Dáse lectura á proposta da Alcaldía de expediente de modificación de créditos incluídos no Presuposto prorrogado actualmente vixente financiado con cargo ao Remanente de Tesourería dispoñible e con baixas noutras partidas, por terse producido gastos que non se poden aprazar.

Da conta que as partidas que se pretenden incrementar son as relativas a mobiliario urbano valorado en 12.000 € e melloras en patrimonio por 19.500 €, investimentos varios en vías públicas por 20.500 €, investimentos en saneamento e abastecemento en varios lugares por 15.000 € e melloras en instalación deportivas por 10.000 €. O que fan un total de 77.000 €.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz, non entende o porqué de que nas comisións informativas non se lles facilitara información detallada dalgunhas das obras que se inclúen no expediente de modificación.-

Entenden que son obras necesarias pero o que botan de menos é unha información máis polo miúdo de obras que se van a levar a cabo.

A Sra. Peña Muñiz engade que non poden estar de acordo con que se presente a aprobación un expediente de modificación de créditos cando precisamente o que se debía estar debatendo é o presuposto municipal cara o 2019, e así non se tería que traer a modificación de crédito.- Do presuposto solo se recibiu un borrador que non sabe porque se retirou da orde do día no último momento.

En resumo di que van votar a favor porque son obras necesarias e que foron pedidas polos propios veciños, pero darlle un toque de atención ao equipo de goberno porque en abril aínda non este presente o presuposto. Ademais de que estas modificacións de crédito son traballo dobre a nivel administrativo.

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso e recorda que mentres gobernou o Partido Popular houbo anos que o presuposto aprobose agosto ou setembro e incluso algun ano se estivo todo o ano sen presuposto.

Respecto a que no Comisión non se dixo nada, di que non é certo xa que se lle explicou porqué non se trouxo a aprobación o presuposto.-

Fai o uso da palabra o Sr. Alcalde, agradece que voten a favor.

Rematadas as intervencións, o Pleno Municipal, por maioría acorda:



ILMO. CONCELLO  
de

**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 1/2019, de suplemento de créditos e créditos extraordinarios financiado con cargo ó Remanente de Tesourería, por un importe total de 77.000,00 euros e co resumo que consta no expediente.

SEGUNDO. Expoñer este expediente ó público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por espazo de quince días, durante os cales os interesado poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.- O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións; no caso contrario o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

#### **4º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DE EXPEDIENTES DE DESAFECTACIÓN DE VÍA PÚBLICA.**

Da conta do punto da orde do día o Sr. Alcalde e informa que trátase de catro desafectacións diferentes que xa foron aprobadas polo Pleno o inicio do expediente, a excepción dunha(xunto a Pazo de Barrantes que o expediente iniciouse mediante acordo da Xunta de Goberno); explica que trátase dunha parcela sobrante no lugar de Regueira; de Puente Arnelas, desafectación da Bouza e a do Camiño de Porto.- Explica que os expedientes foron expostos ao público e non se presentou reclamación algunha contra os mesmo e agora procede a aprobación definitiva para a súa tramitación e sinatura en notaría.

Explica que na desafectación do Pazo de Barrantes, trátase dun camiño que era de tres metros e cederan para que se ampliase a cinco e agora todos os veciños están de acordo en esta desafectación e permuta que se propón.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz, e solicita que se voten os expedientes de maneira independente xa que se se vota en conxunto se absterían e se é independente só se absterían nalgún caso.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde e di que se pode votar individualmente cada un dos expedientes.

Rematadas as intervencións sométese a votación a aprobación de cada un dos expedientes

- **Desafectación de tramo de Camiño da Regueira (Leiro):**



ILMO. CONCELLO  
de

**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

O Pleno Municipal, por maioría de once votos a favor e unha abstención da Sra. Martínez Troncoso por ter interese directa no asunto, acorda:

1º.- A desafectación dun tramo de antigo camiño por non estar sendo utilizado, quedando calificada como parcela sobrante, cunha superficie duns 95 m/2 e posterior permuta á solicitante, no lugar de Regueira da parroquia de Leiro.

2º.- Prestar aprobación á valoración da parcela resultante, realizada polo técnico e que consta no expediente.

3º.- Permutar a devandita parcela sobrante resultante a favor con outra propiedade de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Martínez Troncoso, segundo consta no expediente.

4º.- Que se notifique o presente acordo á interesada ós efectos de sinatura do documento correspondente e se dea conta ó órgano competente da Comunidade Autónoma, ós efectos oportunos.

5º.- Facultar os Sr. Alcalde tan amplamente como sexa necesario para a execución do presente acordo

– **Camiño Público de Ponte Arnelas (Leiro),**

O Pleno Municipal, por maioría de seis votos a favor (I.R. e PSdeG-PSOE) e seis abstención (P.P) acorda:

1º.- A desafectación dun tramo de antigo camiño que figura na concentración parcelaria, pero que non existe realmente como tal, quedando calificada como parcela sobrante, e posterior permuta, no lugar de Ponte Arnelas (Leiro)

2º.- Prestar aprobación á valoración da parcela resultante, realizada polo técnico e que consta no expediente.

3º.- Permutar a devandita parcela sobrante resultante a favor con outra propiedade de D. Isidoro Serantes Novo, cedendo o Concello unha superficie de 130 m/2 e o propietario cedería 66 m/2 e deberá abonar un importe de 940,80 euros, segundo a valoración que consta no expediente.



ILMO. CONCELLO  
de

**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

4º.- Que se notifique o presente acordo ao interesado ós efectos de sinatura do documento correspondente e se dea conta ó órgano competente da Comunidade Autónoma, ós efectos oportunos.

5º.- Facultar os Sr. Alcalde tan amplamente como sexa necesario para a execución do presente acordo

– **Camiño Público no lugar de Bouza (Ribadumia),**

O Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. Asistentes acorda:

1º.- A desafectación dun tramo de antigo camiño, cunha superficie aproximada de 37,20 m/2, que non se ven utilizando con tal fin, e a súa posterior enaxenación a favor de D. Edelmiro Serantes Barral, no lugar de Bouza (Ribadumia).

2º.- Prestar aprobación á valoración da parcela resultante, realizada polo técnico e que consta no expediente.

3º.- Enaxenar a devandita parcela sobrante resultante a favor de D. Edelmiro Serantes Barral, polo importe da valoración que consta no expediente.

4º.- Que se notifique o presente acordo ao interesado ós efectos de sinatura do documento correspondente e se dea conta ó órgano competente da Comunidade Autónoma, ós efectos oportunos.

5º.- Facultar os Sr. Alcalde tan amplamente como sexa necesario para a execución do presente acordo

– **Camiño Público no lugar de Porto (Barrantes)**

O Pleno Municipal, por maioría de seis votos a favor (I.R. e PSdeG-PSOE) e seis abstención (P.P) acorda:

1º.- A desafectación dun tramo de antigo camiño, cunha superficie aproximada de 215 m/2, que non se ven utilizando con tal fin, e a súa posterior permuta a favor de Pazo de Barrantes S.A. , no lugar de Porto (Barrantes).

2º.- Prestar aprobación á valoración da parcela resultante, realizada polo técnico e que consta no expediente.



ILMO. CONCELLO

de

**RIBADUMIA**

(Pontevedra)

3º.- Adopta acordó de permuta da parcela sobrante a favor de Pazo de Barrantes S.A., por outra propiedade do solicitante, segundo consta no expediente.

4º.- Que se notifique o presente acordo ao interesado ós efectos de sinatura do documento correspondente e se dea conta ó órgano competente da Comunidade Autónoma, ós efectos oportunos.

5º.- Facultar os Sr. Alcalde tan amplamente como sexa necesario para a execución do presente acordo

### **5º.- CONVENIO PARA A CESIÓN DA XESTIÓN DA CAFETERÍA DO EDIFICIO DE INSTALACIÓN NÁUTICAS AO CLUB NÁUTICO O MUÍÑO.-**

Comenta o punto a Sra. Martínez Troncoso, e explica que este é o convenio que se vai asinar (se o aproba o Pleno) para autorizar a xestión da cafetería que está en riba do ximnasio, a favor do Club Náutico O Muíño; que é similar ao que se fixo no seu momento coa cafetería do Ribadumia.

Explica o contido do Convenio e resalta as cláusulas máis salientables e fundamentais: O convenio vai ter unha vixencia de 5 anos como mínimo prorrogables por períodos similares; que o club pode ceder a xestión ou pode xestionalo eles directamente e si o ceden teñen que darlle unha publicidade de 15 días para que a xente o saiba e así mesmo deberán darlle prioridade aos veciños de Ribadumia.- Que solo se poderá subarrendar durante 4 anos prorrogables en períodos similares; que stán obrigados a manter un seguro de responsabilidade civil, así como, de cumprir todas as normativas que hai en materia laboral.-

En materia de consumo e vendas de bebidas alcohólicas terán que cumprir o que estableza a Lei en cada momento.

Que o Club será o responsablesde manter a limpeza tanto no interior como no exterior e nas zonas colindantes, os accesos interiores e os aseos.

O Club (ou arrendatario) farase cargo dos gastos de electricidade, auga e lixo.

Que na última cláusula autorízase a que a cafetería poida estar pechada durante nove meses e manteríase o convenio, porque se prevé que se abra só en época estival de maio a setembro, máis ou menos.



ILMO. CONCELLO

de

**RIBADUMIA**

(Pontevedra)

Toma a palabra a Sr. Peña Muñiz, están de acordo co convenio; que é bastante similar ao asinado con Club de fútbol e máxima se xa está consensuado cos afectados que neste caso é o Club Náutico O Muíño.

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:

1º.- Prestarlle aprobación ó "Convenio de colaboración e autorización para a cesión da xestión da cafetería das instalación deportivas de Cabanelas a favor do Clu Náutico O Muíño", nos termos que constan no mesmo:

2º.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para a sinatura do convenio e execución do presente acordo.

***"Convenio de colaboración e autorización para a cesión da xestión da cafetería das instalacións deportivas de Cabanelas a favor do Club Náutico O Muíño"***

*En Ribadumia, a de \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019*

**COMPARECEN:**

*Dunha parte, D. David J. Castro Mougán, na súa calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Ribadumia, e en nome e representación deste;*

*Doutraparte, D. José Manuel Vázquez Núñez, con DN: núm. 76853269B na súa condición de Presidente do Club Náutico O Muíño, e en nome e representación de dita entidade*

**EXPOÑEN:**

*1.- Que o Concello, de conformidade co disposto no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e Comunidade Autónoma, en materia de actividades ou instalación deportivas e culturais.- No mesmo sentido exprésase o artigo 80.2n) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.*

*2.- Que o artigo 111 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1996 do 18 de abril, ven dispoñer que as entidades locais poderán concertar contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor das devanditas entidades.*

*3.- Que na actualidade o Club Náutico O Muíño, pola súa importancia no eido do deporte (xunto con outros clubs), desfruta do uso preferente de parte das instalacións deportivas sitas no lugar de Cabanelas.*



ILMO. CONCELLO

de

**RIBADUMIA**

(Pontevedra)

*E considerando o anterior,*

**CONVEÑEN:**

**PRIMEIRO.-** *É obxecto do presente convenio a cesión da xestión da cafetería sita nas instalacións deportivas de Cabanelas a favor do Club Náutico O Muíño.*

**SEGUNDO.-** *A cesión da xestión á que se fai referencia no presente convenio terá unha vixencia de CINCO ANOS, prorrogables automaticamente por períodos similares sempre que se cumpran as condicións establecidas no presente convenio. A modificación ou actualización das cláusulas recollidas poderase levar a cabo sempre que ambas partes estean de acordo.*

**TERCEIRO.-** *A devandita cesión da xestión outórgase coa finalidade de dar auxilio económico ó Club Náutico O Muíño, e derivando os ingresos que se obteñan pola explotación da cafetería a favor do club.*

**CUARTO.-** *O Concello de Ribadumia autoriza a que a xestión da cafetería a leve a cabo o club directamente, ou mediante a forma que o club estime conveniente (contratación de persoal, autónomo, cesión a un terceiro,...)*

*No caso de que o club cedera a xestión da cafetería a un terceiro deberá facer unha oferta pública dándolle publicidade á mesma durante un prazo mínimo de quince días co fin de que poidan presentar solicitude ou oferta todas aquelas persoas que estean interesadas.*

*Neste caso tentará dar prioridade para a contratación ou a cesión da xestión a veciños de Ribadumia.*

*O prazo de concesión, alugueiro ou contratación que establecerá o club con terceiros deberá ser por períodos máximos de CATRO ANOS, prorrogables por períodos similares se ningunha das partes comunica a súa rescisión, por escrito, cunha antelación de dous meses ó da finalización do prazo inicial ou dalgunha das súas prórrogas.*

**QUINTO.-** *O consumo e venta de bebidas alcohólicas na cafetería e anexos estarán prohibidos segundo o establecido en cada momento pola lexislación vixente.*

**SIXTO.-** *A responsabilidade da xestión da cafetería das instalacións deportivas de Cabanelas será o Club Náutico O Muíño, debendo contratar o correspondente seguro de responsabilidade civil e sendo responsabilidade da devandita entidade deportiva o cumprimento da normativa en materia laboral e de seguridade social e laboral das persoas que atendan o establecemento.*

*Así mesmo será responsabilidade do club o cumprimento da normativa en materia sanitaria, e calquera outra aplicable á actividade por desenvolver.*

**SÉTIMO.-** *Será responsable do mantemento e limpeza da cafetería, tanto no interior coma nas zonas exteriores colindantes, dos aseos e accesos interiores, así como dos*





ILMO. CONCELLO

de

**RIBADUMIA**

(Pontevedra)

*custos de explotación directa da mesma (especialmente, electricidade, auga e lixo), o Club Náutico O Muíño, tanto se o xestiona de forma directa como indirecta (independentemente, neste último caso, do acordo ó que chegue co adxudicatario da xestión).*

*OITAVO.- Son causas de resolución do presente convenio, non tendo en ningunha delas dereito a indemnización o Club Náutico O Muíño, as seguintes:*

- a) O cumprimento do prazo establecido no condicionante segundo ou dalgunhas das súas prórrogas.*
- b) O incumprimento por parte do Club Náutico O Muíño de calquera das estipulacións recollidas no presente convenio.*
- c) O peche da cafetería máis de 9 meses de forma continuada.*

*En calquera caso, e dentro dos prazos establecidos nos condicionantes anteriores, o presente convenio terá validez mentres exista o Club Náutico O Muíño, deixando de ter validez no caso de disolución desta entidade deportiva, aínda que non se teñan cumpridos o prazo establecido no mesmo.*

### **6º.- MOCIÓN PARA AMPLIAR OS CUPOS DE UVA ALBARIÑA POR HECTÁREA DURANTE AS PRÓXIMAS VENDIMAS NA DENOMINACIÓN DE ORIXE RÍAS BAIXAS.**

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso, esta moción presentouna o grupo municipal Cambados Pode e transmitiunos ao Concello de Ribadumia se podíamos adherirnos a unha moción similar.- Que en principio o que solicitan é porque nas últimas colleitas houbo problemas porque a xente tiña máis quilos de uva do que lles permitía o cupo.- Engade a moción que actualmente está en produción máxima por hectárea de 12.000 Kg para albariño, 10.000 Kg para variedades tintas e 12.500 Kg para o resto de variedades.- Que xa que a uva albariña é un dos principais motores económicos de moitas familias na comarca do Salnés o que se propón e que xa que o propio Convenio do Consello Regulador permite que se aumente ata un 25%, se solicita que aumente ese cupo e que así poida vender máis uva para a denominación de orixe e instar ó Consello Regulador Rías Baixas a que incrementen os cupos máximos e tamén realizar todos os trámites internos, neste caso o Concello de Ribadumia e notificar nun prazo máximo de 10 días.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz, di que dende o grupo do Partido Popular son conscientes da necesidade das colleitas e que lles afecta a moitos veciños, pero tamén son conscientes de que dende o Pleno non teñen ningunha potestade para iso está o Consello Regulador, que son onde están



ILMO. CONCELLO  
de

**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

representados os adegueiros. Pero van apoiar para facer presión ao Consello Regulador.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde, eses excedente son unha problemática para os veciños de Ribadumia que teñen viñado e polo tanto merecen que o Consello Regulador reconsidere un pouco a súa situación.

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:

1º.- Instar ao Pleno do Consello Regulador Rías Baixas a que incremente os cupos máximos de produción de uva albariña segundo o regulamento, que podería incrementarse ata 15.000Kg/hectárea, en base ás estimacións de colleitas de uva, aos stocks das adegas e á calidade da uva en cada tempada.

2º.- Realizar tódolos trámites internos oportunos por parte do Concello de Ribadumia e notificar nun prazo máximo de 10 días hábiles ao Presidente do Consello Regulador Rías Baixas do acordo adoptado polo órgano Plenario Municipal de Ribadumia.

**7º.- DAR CONTA ADHESIÓN Á BONIFICACIÓN DO CANON POLA XESTIÓN DOS RESIDUOS URBANOS QUE PRESTA A SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A.**

Dáse conta da comunicación que foi emitidas por Sogama informando sobre a obriga de repercutir a rebaixa do 10% do canon á taxa municipal do lixo, e de realizar campañas divulgativas de promoción da redución dos residuos xenéricos. E os secretarios municipais terán que certificar a principio de 2020 que se repercutiu a rebaixa indicada no lixo que que foron realizadas as campañas divulgativas.

Como xa foi emitido o primeiro imposto do lixo a redución farase no segundo e con compensación do primeiro.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as vinte e unha horas e trinta e sete minutos, de todo o cal eu, como Secretaria, dou fe.-